

O BNG de Teo presenta cinco mocións ao Pleno Municipal deste mes

22/02/2012



O grupo municipal do BNG de Teo presenta cinco mocións no Pleno Municipal deste mes que se celebra mañá, xoves 23, na Casa do Concello. Os temas arredor dos que xiran as mocións son o rexeitamento da Reforma Laboral e da suba do Imposto de Bens Inmóbeis; o apoio á Iniciativa Lexislativa Popular SOS Sanidade Pública; a solicitude de declarar o 24 de febreiro como Día de Rosalía de Castro e a adopción de varios acordos en relación ao Día Internacional das Mulleres

O Goberno central vén de aprobar unha ampla reforma do réxime laboral, que socava as bases sobre as que se asentaban as relacións laborais, contendo medidas concretas que limitan os dereitos dos traballadores e traballadoras, tanto no que atinxe aos seus dereitos económicos como á súa capacidade de negociación laboral. Porén, como o propio Goberno vén afirmando, esas medidas non contribuirán de xeito directo a xerar emprego nin a mellorar a estabilidade laboral das persoas que na actualidade ocupan postos de traballo en precarias condicións. Por todo iso, os nacionalistas solicitan do Pleno da Corporación Municipal que acorde manifestar o rexeitamento a esta Reforma.

O Goberno Central vén tamén de aprobar un Real Decreto-Lei, de medidas urxentes en materia orzamentaria, que inclúe o incremento do Imposto de Bens Inmóbeis de Natureza Urbana (IBI). Este incremento, ademais de que supón indubidabelmente un ataque frontal á autonomía local, por ser os concellos os que teñen a posibilidade de fixar os tipos impositivos do IBI, vai repercutir gravemente na economía das familias. Polo exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación

Municipal a adopción do acordo de manifestar o rexeitamento a esta medida e solicitarlle ao presidente da Xunta que inste ao goberno do estado a retirar este incremento ademais de que se proceda a unha reforma urxente do financiamento local e se impulse un Plan de Financiamento Local.

Noutra das mocións que se presentan a este Pleno o BNG pídelles á Corporación que manifeste o seu apoio á Iniciativa Lexislativa Popular impulsada pola Plataforma SOS Sanidade Pública así como animar aos veciños e veciñas de Teo a colaborar con esta iniciativa. Piden tamén nesta moción que se inste á Xunta de Galiza e á Consellaría de Sanidade a garantir a Sanidade Pública como servizo universal, gratuíto e de calidade e a manter a xestión pública e directa do Sistema de Saúde de Galiza

Os nacionalistas tamén presentan ante o Pleno unha moción para que a Corporación declare o 24 de febreiro Día de Rosalía no concello así como para que se emprenda e apoie a realización de actividades de promoción da obra da escritora que impliquen ao conxunto dos veciños e veciñas do concello o 24 de febreiro, data recollida oficialmente pola Consellaría de Cultura da Xunta de Galiza no seu Calendario do Libro e da Lectura.

A última das mocións é en relación ao Día Internacional das mulleres. A crise económica e social que estamos a vivir e a falta de alternativas xustas e sociais dende os gobernos do Estado e de Galiza, golpea de maneira especial ás mulleres. Ademais, o BNG quere facer especial incidencia no retroceso democrático que supoñerá a anunciada derogación da norma que actualmente regula a interrupción voluntaria do embarazo. Unha demanda de décadas das mulleres que se cumpriu hai escasos meses e que o PP anuncia que desmantelará como tantas outras políticas públicas de igualdade. O grupo municipal do BNG solicita á Corporación que acorde que o Concello se comprometa a defender os dereitos das mulleres e manifestarse contra a derogación de dita Lei. Ademais, tamén pide que se demande ao Goberno da Xunta de Galiza o desenvolvemento de medidas relativas á información e á educación afectivo sexual e reprodutiva e que o Concello apoie a mobilización reivindicativa dos dereitos das mulleres convocada para o 11 de Marzo polas organizacións feministas actúantes en Galiza.